

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**6359** *Real decreto 462/2011, do 1 de abril, polo que se modifica o Real decreto 1050/2003, do 1 de agosto, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria de zumes de froitas e doutros produtos similares, destinados á alimentación humana.*

Mediante o Real decreto 1050/2003, do 1 de agosto, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria de zumes de froitas e doutros produtos similares, destinados á alimentación humana, incorporouse ao ordenamento xurídico español a Directiva 2001/112/CE do Consello, do 20 de decembro de 2001, relativa aos zumes de froitas e doutros produtos similares destinados á alimentación humana.

A Directiva 2009/106/CE da Comisión, do 14 de agosto de 2009, pola que se modifica a Directiva 2001/112/CE do Consello, relativa aos zumes de froitas e outros produtos similares destinados á alimentación humana, dítase tendo en conta a evolución das normas internacionais pertinentes, en particular a norma xeral do codex para zumes e néctares de froitas (Codex Stan 247-2005).

Mediante este real decreto incorpórase a Directiva 2009/106/CE da Comisión, do 14 de agosto de 2009, ao ordenamento interno, así como a Directiva 2010/33/UE da Comisión, do 21 de maio de 2010, que corrixe a versión española da Directiva 2001/112/CE do Consello relativa aos zumes de froitas e doutros produtos similares destinados á alimentación humana.

Na tramitación desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados, e emitiu o seu preceptivo informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e de Sanidade, Política Social e Igualdade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de abril de 2011,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1050/2003, do 1 de agosto, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria de zumes de froitas e doutros produtos similares, destinados á alimentación humana.*

O Real decreto 1050/2003, do 1 de agosto, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria de zumes de froitas e doutros produtos similares destinados á alimentación humana, queda modificado da seguinte maneira:

Un. Na parte 2 da regulamentación técnico-sanitaria (Definicións, denominacións e características dos produtos), no punto 2 (Zume de froitas a base de concentrado), substitúese o parágrafo terceiro polo seguinte:

«O produto así obtido deberá presentar características organolépticas e analíticas polo menos equivalentes ás do tipo medio de zume obtido, conforme as disposicións do número 1, de froitas da mesma especie. Na parte 8 indícanse os niveis mínimos de graos Brix para os zumes de froitas elaborados a partir de concentrados.»

Dous. Na parte 5 (Etiquetaxe, presentación e publicidade), punto 6, os termos «elaborado a base de concentrado(s)» e «elaborado parcialmente a base de concentrado(s)» substitúense polos termos «a partir de concentrado(s)» e «parcialmente a partir de concentrado(s)», respectivamente.

Tres. Engádese unha parte 8, co seguinte contido:

«Parte 8: Valores mínimos de graos Brix para zume de froita reconstituído e puré de froita reconstituído.

Nome común da froita	Nome botánico	Valores mínimos de graos Brix para zume de froita reconstituído e puré de froita reconstituído
Mazá (*)	<i>Malus domestica</i> Borkh.	11,2
Albaricoque (**)	<i>Prunus armeniaca</i> L.	11,2
Plátano (**)	<i>Musa sp.</i>	21,0
Grosella negra (*)	<i>Ribes nigrum</i> L.	11,6
Uva (*)	<i>Vitis vinifera</i> L. ou os seus híbridos. <i>Vitis labrusca</i> L. ou os seus híbridos.	15,9
Pomelo (*)	<i>Citrus x paradise</i> Macfad.	10,00
Goiaba (**)	<i>Psidium guajava</i> L.	9,5
Limón (*)	<i>Citrus limon</i> (L.) Burm. f.	8,0
Manga (**)	<i>Mangifera indica</i> L.	15,0
Laranxa (*)	<i>Citrus sinensis</i> (L.) Osbeck.	11,2
Maracuxá (*)	<i>Passiflora edulis</i> Sims	13,5
Pexego (**)	<i>Prunus persica</i> (L.) Batsch var. <i>Persica</i> .	10,00
Pera (**)	<i>Pyrus communis</i> L.	11,9
Ananás (*)	<i>Ananas comosus</i> (L.) Merr.	12,8
Framboesa vermella (*)	<i>Rubus idaeus</i> L.	7,0
Cereixa agre (*)	<i>Prunus cerasus</i> L.	13,5
Amorodo (*)	<i>Fragaria x ananassa</i> Duch.	7,0
Mandarina/Tanxerina (*)	<i>Citrus reticulata</i> Blanco.	11,2

Se un zume a partir de concentrado se elabora cunha froita non mencionada na lista anterior, o nivel mínimo de graos Brix do zume reconstituído corresponderá ao nivel de graos Brix do zume extraído da froita utilizada para elaborar o concentrado.

No caso dos produtos marcados cun asterisco (\*), producidos como zumes, determinarase unha densidade relativa mínima en relación coa auga a 20/20 °C.

No caso dos produtos marcados con dous asteriscos (\*\*), producidos como purés, soamente se determinará un valor Brix mínimo sen corrixir (sen corrección da acidez).

No que se refire á grosella negra, a goiaba, a manga e o maracuxá, os valores mínimos de graos Brix soamente serán aplicables ao zume de froita reconstituído e ao puré de froita reconstituído producidos na Comunidade.»

#### **Disposición transitoria única.** *Réxime transitorio.*

Os produtos etiquetados con anterioridade á entrada en vigor desta norma poderán seguir comercializándose durante 18 meses contados desde a súa entrada en vigor, sempre que cumpran o disposto na normativa anterior.

#### **Disposición derradeira primeira.** *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2009/106/CE da Comisión, do 14 de agosto de 2009, pola que se modifica a Directiva 2001/112/CE do Consello relativa aos zumes de froitas e doutros produtos similares destinados á alimentación humana.

#### **Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de abril de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO